



PROGRAMACIÓN

MÚSICA E MOVEMENTO

Índice

1. Introducción	2
2. Música e Movemento: 4-5 anos	3
- Obxectivos	3
- Contidos	4
3. Música e Movemento: 6 anos	8
- Obxectivos	8
- Contidos	9
3. Música e Movemento: 7 anos	13
- Obxectivos	13
- Contidos	14
4. Metodoloxía	18
5. Avaliación	27

1. Introducción:

Dende a antigüidade a música forma parte da educación integral do individuo. A súa aprendizaxe estaba condicionado aos usos ou ás función que en cada época creían necesarios para a sociedade, variando así a súa importancia educativa según as circunstancias históricas ou sociais.

No mundo de hoxe, na que a radio, a televisión, a internet e outros medios de comunicación ocupan un lugar de preeminencia na nosa vida cultural, a música desempeña un papel decisivo na nosa vida cultural.

A Educación musical desenvolve as facultades de percepción, comunicación, concentración, traballo en equipo... reduce o medo e as inhibicións, desenvolve o sentido crítico, a sensibilidade e a creatividade. Polo tanto a música como soporte é un medio eficaz para o desenvolvemento e a conciencia dos rapaces e rapazas.

A iniciación do alumnado á música levarase a cabo a través de:

- A expresión rítmica e movemento
- A expresión vocal e canto
- A expresión instrumental
- A educación audioperceptiva

Os obxectivos xerais da educación musical deben centrarse en dous aspectos fundamentais: a percepción e a expresión. A percepción depende dos sentidos, é dicir, da escoita ou da observación; e na expresión o alumnado elabora e emite fórmulas propias do percibido con anterioridade ou ben por creación propia.

2. Música e Movemento: 4-5 anos.

OBXECTIVOS:

1. Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmos e valorando a súas capacidades e limitacións de acción e expresión.
2. Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais, acadando progresivamente seguridade afectiva e emocional e desenvolvendo as súas capacidades de iniciativa.
3. Utilizar as posibilidades do son, xesto e movemento corporal como instrumento de comunicación e expresión da súa realidade cotián e do seu mundo afectivo.
4. Explorar materiais e instrumentos musicais elementais, e coñecer e adquirir os primeiros elementos dos códigos e técnicas específicas da linguaxe musical para coñecer as súas propiedades, fins e posibilidades expresivos, comunicativos e lúdicos.
5. Utilizala voz e o propio corpo como instrumentos de representación e comunicación musical.
6. Explorar materiais e instrumentos musicais diversos, para coñecer as súas propiedades e posibilidades de utilización con fins expresivos, comunicativos

e lúdicos.

7. Experimentar e gozar cos primeiros elementos musicais na elaboración de producións artísticas.

8. Realizar producións musicais sinxelas de forma cooperativa que supoñan papeis diferenciados e complementarios na elaboración dun produto final.

9. Coñecer os primeiros medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.

10. Iniciarse no coñecemento e respecto das principais manifestacións artísticas e musicais tanto do propio patrimonio cultural como do alleo.

CONTIDOS:

- Os instrumentos e as familias de instrumentos.
- O son: percepción sensorial:
 - Sons da natureza, do entorno (fogar, rúa...), sons musicais.
 - Son, ruído e silencio
- Elementos constitutivos do son:
 - Cuantitativos: altura, duración, intensidade.
 - Cualitativos: timbre.
- As propiedades sonoras do corpo, dos obxectos de uso cotián e dos instrumentos musicais.

- Iniciación ao canto.
- Notación non convencional como antesala da notación convencional.
- As figuras musicais: redonda, branca, negra, corchea e semicorchea. Silencio de negra.
- Lectura de exercicios rítmicos sobre as figuras básicas (branca, negra, corchea e silencio de negra)
- As notas musicais: “do”, “re”, “mi”, “fa”, “sol”, “la”, “si” e “do’ ”.
- Colocación no pentgrama das notas musicais (“do”, “re”, “mi”, “fa”, “sol”, “la”, “si” e “do’ ”).
- A música como linguaxe e medio de expresión.
- Os sentidos como medio de percepción e relación.
- Ruido, silencio, música e canción.
- Ritmo, duración, velocidade...
- Audición de pezas musicais ou fragmentos de obras e análise dos elementos musicais das mesmas, apoiadas por actividades globalizadas fundamentadas na práctica vocal, instrumental ou de movemento, ou ben a través de medios audiovisuais ou representacións plásticas, realizadas previa, simultánea ou posteriormente á audición tratada.
- Utilización de diferentes recursos como forma de seguimento da obra musical: corporais, plásticos, acompañamentos instrumentais, musicogramas...
- Exploración da voz falada e cantada.
- Discriminación auditiva mediante audición de instrumentos e voces.
- Exploración das actividades sonoras do mundo propio e circundante como un primeiro paso para o descubrimento e coñecemento das cualidades do son.
- Distinción auditiva entre son, ruido e silencio.

- Exercitación da memoria auditiva a través de exercicios de recoñecemento sonoro.
- Control do corpo: actividade, movemento, respiración, reposo e relaxación.
- O corpo como elemento de expresión e comunicación.
- Xogos rítmicos e de movemento.
- Adaptación do movemento a elementos rítmicos a través da imitación, memorización e posterior recoñecemento.
- Práctica das actividades básicas do movemento: locomoción, xesto, elevación, rotación e posición.
- Pasos básicos de danza.
- Utilización dun repertorio de danzas, ritmos e movementos fixados e inventados.
- Realización de danzas populares. Improvisación de pasos e fórmulas rítmicas básicas.
- Diferenciación espazo-tempo na realización persoal e de grupo do movemento e a danza.
- Coordinación para tocar e interpretar.
- Práctica de repertorio vocal e instrumental
- Práctica instrumental con instrumentos Orff de altura indeterminada e determinada.
- Interpretación individual e grupal dun repertorio de cancións sinxelas, seguindo o ritmo e a melodía.
- Memorización de ostinatos rítmicos e melódicos como forma de acompañamento.
- Valoración do propio corpo como medio de expresión e comunicación.

- Actitude de desinhibición e respecto ante execucións dos demais.
- Valoración do silencio como principio obrigado en calquera fenómeno de escoita musical e parte esencial para a música.
- Coidado e respecto polo material sonoro.
- Coidado e responsabilidade dos instrumentos da clase, manexo con corrección e mantemento dos mesmos.
- Respecto polas normas de actuación en grupo.
- Asimilación do papel que cada un desempeña no seo do grupo instrumental.
- Valoración do traballo en grupo: actuación desinhibida, integración, calidade da interpretación, respecto á persoa que asuma a dirección e as normas de traballo en grupo.
- Respecto e acatamento das normas dos xogos.
- Actitude positiva ante o grupo, aceptando e sendo aceptado, participando con alegría e desinhibición.
- Interese por melloral a precisión rítmica do movemento con desprazamento.
- Valoración do propio corpo e coñecemento das súas posibilidades expresivas.
- Interese pola escritura e a lectura da música.
- Sensibilidade e disfrute na experiencia sensorial.

3. Música e Movemento: 6 anos.

OBXECTIVOS:

1. Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmos e valorando a súas capacidades e limitacións de acción e expresión.
2. Utilizar as posibilidades do son, xesto e movemento corporal como instrumento de comunicación e expresión da súa realidade cotián e do seu mundo afectivo.
3. Utilizala voz e o propio corpo como instrumentos de representación e comunicación musical.
4. Explorar materiais e instrumentos elementais musicais, e coñecer e adquirir os primeiros elementos dos códigos e técnicas específicas da linguaxe musical para coñecer as súas propiedades, fins e posibilidades expresivos, comunicativos e lúdicos.
5. Desenvolver a sensibilidade estética e a creación artística a través de actividades musicais diversas que permitan a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
6. Realizar producións musicais de forma cooperativa que supoñan papeis diferenciados e complementarios.

7. Desenvolver unha relación de auto-confianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as dos outros e sabendo recibir e expresar críticas e opinións.

8. Iniciarse no coñecemento e respecto das principais manifestacións artísticas e musicais do noso patrimonio cultural propio.

9. Coñecer os primeiros medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.

10. Demostrar a coordinación necesaria para a correcta interpretación do ritmo, utilizando as destrezas de asociación e disociación correspondente.

CONTIDOS:

- Os instrumentos: familias e agrupacións.
- O son: percepción sensorial:
 - Sons da natureza, do entorno (fogar, rúa...), sons musicais.
 - Son, ruído e silencio
- Elementos constitutivos do son:
 - Cuantitativos: altura, duración, intensidade.
 - Cualitativos: timbre.
- As propiedades sonoras do corpo, dos obxectos de uso cotián e dos instrumentos musicais.
- Coñecemento das cualidades do son.

- Iniciación ao canto.
- Notación non convencional como antesala da notación convencional.
- As figuras musicais: redonda, branca, negra, corchea, semicorchea. Cos seus respectivos silencios.
- Lectura de exercicios rítmicos sobre as figuras básicas.
- Ritmos binarios e ternarios.
- As notas: "do", "re", "mi", "fa", "sol", "la" e "si".
- Colocación no pentagrama das notas musicais ("do", "re", "mi", "fa", "sol", "la", "si" e "do' ").
- A música como linguaxe e medio de expresión.
- Os sentidos como medio de percepción e relación.
- Audición de pezas musicais ou fragmentos de obras e análise dos elementos musicais das mesmas, apoiadas por actividades globalizadas fundamentadas na práctica vocal, instrumental ou de movemento, ou ben a través de medios audiovisuais ou representacións plásticas, realizadas previa, simultánea ou posteriormente á audición tratada.
- Utilización de diferentes recursos como forma de seguimento da obra musical: corporais, plásticos, acompañamentos instrumentais, musicogramas.
- Discriminación auditiva mediante audición de instrumentos, voces, estilos e épocas diferentes.
- O corpo como elemento de expresión e comunicación.
- O corpo como instrumento rítmico.
- Xogos rítmicos e de movemento.
- Práctica das actividades básicas do movemento: locomoción, xesto, elevación, rotación e posición.

- Diferenciación espazo-tempo na realización persoal e de grupo do movemento e a danza.
- Adaptación do movemento a elementos rítmicos a través da imitación, memorización e posterior recoñecemento.
- Pasos básicos de danza. Disposicións formais da danza: círculo, línea recta... parellas, individual, corro...
- Realización de danzas populares. Improvisación de pasos e fórmulas rítmicas básicas.
- Adaptación do movemento a elementos rítmicos a través da imitación, memorización e posterior recoñecemento.
- Coordinación para tocar e interpretar.
- Os instrumentos como un medio de improvisar, crear e acompañar cancións, danzas, textos...
- Acompañamentos instrumentais con acordes fundamentais.
- Exercitación da memoria auditiva a través de exercicios de recoñecemento sonoro.
- Práctica de repertorio vocal e instrumental
- Practica instrumental con instrumentos Orff de altura indeterminada e determinada.
- Interpretacións de pezas instrumentais en grupo.
- Memorización de ostinatos rítmicos e melódicos como forma de acompañamento.
- Elaboración e seguimento de partituras sinxelas e musicogramas para unha maior comprensión da obra escoitada.
- Visualización de películas que traten sobre a vida dalgún profesional da

composición ou da interpretación, sobre algún estilo musical, sobre algún instrumento...

- Valoración do propio corpo como medio de expresión e comunicación.
- Actitude de desinhibición e respecto ante execucións dos demais.
- Capacidade de expresión e atención, desfrute da audición, interese polos bailes, contos, idioma, etc,
- Valoración do silencio como parte esencial para a música.
- Valoración do silencio como principio obrigado en calquera fenómeno de escoita musical.
- Atención e interese no descubrimento dos sons aislados, do entorno e na invención de novos sons.
- Interese pola escritura e a lectura da música.
- Respecto polas normas de actuación en grupo, controlando a execución, o tempo, o matiz, a expresión e a atención ao director.
- Coidado e respecto polo material, ben se trate de soporte (discos, cintas...) de reproductor (lector de compactos, retroproyector, radio, video, televisor, ordenador...) ou do instrumental.
- Coidado e responsabilidade dos instrumentos da clase, manexo con corrección e mantemento dos mesmos.
- Asimilación do papel que cada un desempeña no seo do grupo instrumental.
- Valoración do traballo en grupo: actuación desinhibida, integración, calidade da interpretación, respecto á persoa que asuma a dirección e as normas de traballo en grupo.
- Valoración do instrumento e da práctica instrumental.
- Respecto e acatamento das normas dos xogos.

- Actitude positiva ante o grupo, aceptando e sendo aceptado, participando con alegría e desinhibición.
- Interese por melloral a precisión rítmica do movemento con desprazamento.
- Sensibilidade e desfrute na experiencia sensorial.

3. Música e Movemento: 7 anos.

OBXECTIVOS:

1. Desenvolver a sensibilidade estética e a creación artística a través de actividades musicais diversas que permitan a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
2. Utilizar o coñecemento dos elementos musicais básicos no análise de producións artísticas propias e alleas e na elaboración de producións propias.
3. Expresarse e comunicarse producindo mensaxes diversas, utilizando para iso os códigos e as formas básicas da linguaxe musical.
4. Realizar producións musicais de forma cooperativa que supoñan papeis diferenciados e complementarios.
5. Explorar materiais e instrumentos musicais diversos, para coñecer as súas

propiedades e posibilidades de utilización con fins expresivos, comunicativos e lúdicos.

6. Utilizala voz e o propio corpo como instrumentos de representación e comunicación musical.

7. Comprender e usar os elementos máis básicos da notación musical.

8. Desenvolver unha relación de auto-confianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as dos outros e sabendo recibir e expresar críticas e opinións.

9. Coñecer e respetar as principais manifestacións artístico-musicais presentes no contorno, así como os elementos máis destacados do patrimonio cultural, desenvolvendo criterios propios de valoración.

10. Demostrar a coordinación necesaria para a correcta interpretación do ritmo, utilizando as destrezas de asociación e disociación correspondente.

CONTIDOS:

- Os instrumentos: familias e agrupacións.

- O son: percepción sensorial:

· Sons da natureza, do entorno (fogar, rúa...), sons musicais.

· Son, ruído e silencio

- Elementos constitutivos do son:
 - Cuantitativos: altura, duración, intensidade.
 - Cualitativos: timbre.
- Coñecemento das cualidades do son.
- Distinción auditiva entre son, ruído e silencio.
- Notación non convencional como antesala da notación convencional.
- As figuras musicais: redonda, branca, negra, corchea, semicorchea. Cos seus respectivos silencios.
- As notas: "do", "re", "mi", "fa", "fa#", "sol", "la", "sib" e "si".
- Ritmos binarios e ternarios.
- Lectura de exercicios rítmicos sobre as figuras básicas.
- Colocación no pentagrama das notas musicais ("do", "re", "mi", "fa", "fa#", "sol", "la", "sib", "si" e "do' ").
- A música como linguaxe e medio de expresión.
- Os sentidos como medio de percepción e relación.
- Audición de pezas musicais, fragmentos de obras e análise dos elementos musicais das mesmas.
- Utilización de diferentes recursos como forma de seguimento da obra musical: corporais, plásticos, acompañamentos instrumentais, musicogramas.
- Discriminación auditiva mediante audición de instrumentos, voces, estilos e épocas diferentes.
- O corpo como elemento de expresión e comunicación.
- O corpo como instrumento rítmico.
- Xogos rítmicos e de movemento.
- Práctica das actividades básicas do movemento: locomoción, xesto, elevación,

rotación e posición.

- Diferenciación espazo-tempo na realización persoal e de grupo do movemento e a danza.

- Adaptación do movemento a elementos rítmicos a través da imitación, memorización e posterior recoñecemento.

- Pasos básicos de danza. Disposicións formais da danza: círculo, línea recta... parellas, individual, corro...

- Realización de danzas populares. Improvisación de pasos e fórmulas rítmicas básicas.

- Adaptación do movemento a elementos rítmicos a través da imitación, memorización e posterior recoñecemento.

- Coordinación para tocar e interpretar.

- Os instrumentos como un medio de improvisar, crear e acompañar cancións, danzas, textos...

- Acompañamentos instrumentais con acordes fundamentais.

- Exercitación da memoria auditiva a través de exercicios de recoñecemento sonoro.

- Práctica de repertorio vocal e instrumental

- Práctica instrumental con instrumentos Orff de altura indeterminada e determinada.

- Interpretacións de pezas instrumentais en grupo.

- Memorización de ostinatos rítmicos e melódicos como forma de acompañamento.

- Elaboración e seguimento de partituras sinxelas e musicogramas para unha maior comprensión da obra escoitada.

- Visualización de películas que traten sobre a vida dalgún profesional da composición ou da interpretación, sobre algún estilo musical, sobre algún instrumento...
- Valoración do propio corpo como medio de expresión e comunicación.
- Actitude de desinhibición e respecto ante execucións dos demais.
- Capacidade de expresión e atención, desfrute da audición, interés polos bailes, contos, idioma, etc,
- Valoración do silencio como parte esencial para a música.
- Valoración do silencio como principio obrigado en calquera fenómeno de escoita musical.
- Atención e interés no descubrimento dos sons aislados, do entorno e na invención de novos sons.
- Interese pola escritura e a lectura da música.
- Respecto polas normas de actuación en grupo, controlando a execución, o tempo, o matiz, a expresión e a atención ao director.
- Coidado e respecto polo material, ben se trate de soporte (discos, cintas...) de reproductor (lector de compactos, retroproyector, radio, video, televisor, ordenador...) ou do instrumental.
- Coidado e responsabilidade dos instrumentos da clase, manexo con corrección e mantemento dos mesmos.
- Asimilación do papel que cada un desempeña no seo do grupo instrumental.
- Valoración do traballo en grupo: actuación desinhibida, integración, calidade da interpretación, respecto á persoa que asuma a dirección e as normas de traballo en grupo.
- Valoración do instrumento e da práctica instrumental.

- Respecto e acatamento das normas dos xogos.
- Actitude positiva ante o grupo, aceptando e sendo aceptado, participando con alegría e desinhibición.
- Interese por melloral a precisión rítmica do movemento con desprazamento.
- Sensibilidade e desfrute na experiencia sensorial.

4. METODOLOXÍA

4.1 Organización do tempo

O tempo organizarase en “Sesións Tipos”, onde cada sesión pode ser da seguinte maneira:

- Sesión tipo A: Son variadas e nelas realízanse actividades que son de distinta natureza.

- Sesión tipo B: Este tipo de sesións son exclusivas, só trata ou toca un tema específico. Un exemplo pode ser que nunha clase utilizemos toda a hora para montar unha peza instrumental.

- Sesión tipo C: Serven para avaliar, faranse nun determinado momento no que queremos comprobar se os alumnos comprenderon o explicado ao longo da unidade didáctica.

- Sesión tipo D: É unha sesión que utilizamos para que os alumnos realicen traballo en grupo.

4.2 Organización do espazo:

Á hora de trata-la organización do espazo centrarémonos en dous puntos:

4.2.1 Agrupamentos:

Agrupar os alumnos é algo necesario, e dependendo da actividade que vaíamos a realizar podemos xuntar os rapaces de dúas formas distintas:

- Grupo clase: É amplo e non hai grupos independentes, como o seu nome indica está formado por todos os rapaces da clase, pero si que pode haber tarefas diferenciadas.

- Grupos pequenos: A clase divídese en pequenos grupos para realizar una actividade, pero isto necesita dunha serie de requisitos que son os seguintes:

1. Require unha especialización, sempre hai que colocar a alguén que tire do grupo.

2. Necesítase coordinación, hai que escoller entre os compoñentes do grupo un coordinador, que sexa responsable e saiba manter a orde.

3. É fundamental unha supervisión por parte do profesor para ver se a actividade está a realizarse de forma correcta, para iso necesitamos una colocación específica dos alumnos para poder moverse con liberdade entre eles e así poder ver o que fan con claridade.

4. Dentro do grupo é fundamental unha posta en común de todas as ideas dos compoñentes. Para que isto se poida levar a cabo necesítase orden e respecto entre os rapaces.

5. Para realizar unha actividade en grupo tamén é necesario motivar aos alumnos a realizala.

4.2.2. Distribucións dos espazos:

Á hora de distribuír os espazos da aula temos que atender a dous puntos:

- Distribución do mobiliario:

O mobiliario ten a seguinte distribución:

A aula é rectangular con fiestras nun dos lados máis longos e cun encerado na parede de en fronte. Diante do encerado sitúase a mesa do profesor, e o seu lado dereito podemos encontrar un “órgano clavinova” e un equipo de música. Na aula tamén cotamos con un televisor e un reprodutor de DVD. Diante da mesa do profesor están as cadeiras de pala onde se sentan os rapaces, colocadas todas en liña facendo un arco.

A man esquerda das cadeiras están colocadas unhas mesas pequenas cas súas correspondentes cadeiras onde se realizarán fichas, dictados e calquera outra actividade que requira de este espazo.

Na aula queda un espazo baleiro, que se utilizará para xogos, danzas práctica instrumental.

-Espazo do instrumental:

Os instrumentos que podemos atopar na aula son de percusión de altura determinada (instrumentos de placas) e de altura indeterminada (claves, triángulo, crócalos, castañolas, pandeiretas, güiro, axóuxeres e maracas).

A colocación dos instrumentos de placas é no lado esquerdo da mesa do mestre pegados a parede e a pequena percusión detrás dun biombo cando non se utilicen, e cando haxa que tocalos utilizaremos a parte destinada para este fin.

4.3.Métodos didácticos

Os métodos didácticos empregados son os seguintes:

4.3.1. Método de proxectos: Con este método o que faremos será plantexar unha idea previa ou unha situación onde o alumno de forma creativa elabore un proxecto para resolvela. Para iso, os alumnos terán que coñecer, nun primeiro lugar, todos os datos e todos os medios que necesitan, comparalos e elixir os que necesitan para realizar a tarefa.

4.3.2. Método científico: Este método plantexa dificultades que requiren ser percibidas e definidas, logo pensar varias solucións para elas e deducir as consecuencias das solucións. O que formulamos é un problema que require unha hipótese e comprobar se é verdade a través da práctica.

4.3.3. Aprendizaxe por descubrimento: Con este método non lle damos aos alumnos os coñecementos, senón que o que facemos é que eles aprendan a recordar e utilizar os que xa saben, e a partir dese coñecemento descubran outros. Para chegar a isto é moi importante a observación e asimilación destes.

4.3.4. Métodos didáctico-musicais: Os métodos didácticos poden ser varios, os principais son os seguintes:

4.3.4.1. Willems: Este método parte de que a música é unha linguaxe e como a lingua materna, precisa un proceso de aprendizaxe anterior, baseada na escoita (desenvolvemento sensorial), que implica unha retentiva (desenvolvemento afectivo), chegando a conciencia a través da imitación (desenvolvemento mental). O método de Willems

utilizarémo-lo en toda a parte na que tratemos o son ou o ritmo.

4.3.4.2.Dalcroce: O método Jaques-Dalcroze apóiase en tres piares: a música, movemento e a coordinación. Relaciona os movementos naturais do corpo, os ritmos artísticos da música e as capacidades de imaxinación e reflexión. Utilizáremolo nos exercicios relacionados co movemento.

4.3.4.3.Kodály: Para Kodály a formación musical só se alcanza co entramento sistemático da mente, da sensibilidade e da habilidade manual, para iso é necesario traballar o folclore, desenvolver ó máximo a sensibilidade auditiva, considerar o canto como a base para a ensinanza musical e fomentar a práctica da lectura e escritura para aumentar a súa cultura musical.

Traballaremos este método no referente a:

1. O ritmo: utilizaremos a técnica do solfexo-rítmicosilábico, utilizando sílabas e incluso palabras para cada tipo de figura ou estrutura.

2. Traballaremos este método a nivel de música tradicional na aula, utilizando o propio folclore para a aprendizaxe da linguaxe musical.

4.3.4.4.Orff: Para Orff o traballo práctico é fundamental, xa que primeiro hai que oír, facer música e pensar, imaxinar música e a partir desta práctica pásase a teoría sobre o realizado. O contacto co ritmo, a melodía e a métrica debe facerse a través da linguaxe e do movemento. O uso do movemento axuda de maneira decisiva a asimilación dos ritmos, ademais de desenvolver a psicomotricidade, e a través da linguaxe

utilizando palabras monosílabas, bisílabas, tetrasílabas pódese introducir os alumnos a un esquema mental de duración proporcional dos sons, o que facilitará a introducción de figuras musicais equivalentes.

A improvisación tamén é algo fundamental para este autor tanto rítmica como melódica porque incide na creatividade dos rapaces, e esta poden ir no medio de prácticas instrumentais ou pódense facer improvisacións rítmicas de pregunta-resposta...

Nós poñemos este método na práctica na aula cando traballamos a práctica instrumental, a improvisación e as danzas folclóricas.

4.3.4.5.Wuytack: Parte da pedagogía de Orff e Wuytack baséase nos principios de actividade, creatividade, cooperación e totalidade. A súa metodoloxía pretende facer unha música elemental que estea unida a palabra e o movemento, para que os rapaces poidan ver a música como un conxunto que combina elementos como a voz, que é o medio de expresión humana, os instrumentos Orff, que se utilizan para a creación e interpretación musical, e o corpo, por medio do movemento, a mímica e a danza. Orff tamén lle da importancia a tímbrica instrumental, introducindo a práctica de instrumentos escolares de técnica fácil, os denominados “instrumentos Orff”.

4.4. Principios metodolóxicos

Os principios metodolóxicos utilizados son os seguintes:

4.4.1. A actividade: É un método moi útil, parte do principio de que se aprenden as cousas facéndoas. Partindo dos contidos procedimentais e actitudinais, os alumnos comprenden os conceptos impartidos polo profesor.

4.4.2. A unidade de teoría e práctica: Para que a práctica e a teoría teñan unha unidade utilízanse as actividades e nelas é necesario desenvolver a capacidade reflexiva, analítica e un desenvolvemento crítico por parte do alumnado.

4.4.3. A atención personalizada: É necesario que o profesor atenda as capacidades individuais e afectivas de cada rapaz da aula, tendo en conta os esforzos e os avances que realiza ao longo do curso. Isto farase dentro das nosas posibilidades xa que é moi complicado, e as veces no contamos con toda a información que nos gustaría ter acerca de tódolo alumnos.

4.4.4. Creatividade: Todos os rapaces teñen creatividade e serán motivados a través das actividades que inciten o pensamento, os procesos improvisatorios ou a composición.

4.4.5. A interdisciplinabilidade: búscase a conexión cos bloques de contidos doutras materias.

4.4.6. A socialización: Trátase por medio de actividades en grupo, onde teñan que traballar conxuntamente ou con distintas actividades onde os rapaces se relacionen entre si.

4.4.7. Contexto sociocultural: Teremos en conta o que nos poden ofrecer a sociedade, xa sexan as salas de concertos, museos, agrupacións ou academias.

4.5 Modelos de aprendizaxe

Durante o curso realizaremos o proceso de aprendizaxe utilizando maioritariamente unha aprendizaxe significativa, partindo do principio de que as cousas apréndense facéndoas, está totalmente en contra do aprendizaxe memorístico. Hai outra vertente da aprendizaxe significativa que é o constructivismo onde os alumnos a partir do seu coñecemento, desenvólvense contidos de forma estruturada, de forma que os rapaces constrúen as novas aprendizaxes a partir do que xa saben, cada aprendizaxe que asimilan aumenta a súa capacidade de aprender.

Neste modelo ten que estar sempre presente unha serie de cousas:

1. Hai que propiciar situacións que motiven os rapaces ante o fenómeno musical.
2. Crear contextos onde os alumnos teñan presente o que aprenderon para poder relacionalo cos novos contidos.
3. Garantir a construción da aprendizaxe significativa a través do recordatorio dos coñecementos que xa teñan aprendido.
4. É necesario un ambiente de intercambio, onde os alumnos colaboren entre eles.

4.6 Metodoloxía específica

Á hora de realizar as sesións non se utilizará libro de texto xa que a materia é, case na súa totalidade, práctica e non o necesita, aparte que desta maneira temos unha maior flexibilidade á hora de modificar as actividades se fora necesario. O material a utilizar na aula será entregado polo mestre, tal como fichas, folios en branco, folios pautados, lápices, cores, partituras...

4.7 Profesorado

Este punto podemos orientalo entorno a dous puntos fundamentais para o profesorado:

4.6.1. Medios didácticos: Terémolos en conta á hora de impartir a materia xa que facilitan o proceso comunicativo, son os seguintes:

- Tratar os alumnos correctamente sen autoritarismos, pero tampouco caer nos paternalismos e deixar que eles nos falten ó respecto.
- Ter unha actitude positiva á hora de impartir clase e de escoitar, atender e interesarse polos rapaces.
- Expresarse con claridade á hora de expoñer as ideas.
- É necesario un contacto visual á hora de realizar actividades que sexan prácticas, para que os alumnos teñen unha referencia antes de comezar a realizar as actividades.
- Conseguir un punto de confianza cos alumnos e eles con nós.

4.6.2. Estratexias didácticas: con elas o que conseguimos é motivar aos alumnos e conseguir a súa participación. Entre as distintas estratexias sinalamos as seguintes:

- Fomentar a participación do alumnado dunha forma activa e respectuosa.
- Facer cos alumnos recorden coñecementos que xa saben para poder aprender outros novos a partir deses.
- Fomentar o traballo en grupo.
- Darlle a opción ó alumno a que participe na súa avaliación da súa aprendizaxe.

5. AVALIACIÓN

Criterios de Avaliación:

A avaliación terá máis en conta a capacidade expresivo-comunicativa que o grao de coñecemento adquirido. En consoancia con este enfoque expresivo-comunicativo haberá que considerar, sobre todo, se se produciu un incremento destas capacidades a través das súas manifestacións musicais. Avaliación terá en conta a consecución dos obxectivos propostos.

Procedementos de avaliación:

Observación directa, non existen probas específicas, senon que o control realizarase día a día, polo tanto será unha avaliación continua. Para isto o profesor conta con un diario de clase para levar o seguimento día a día, onde irá tomando anotacións sobre o proceso de aprendizaxe individual de cada alumno e alumna.

Neste diario teránse en conta principalmente 5 puntos a observar:

- 1- Asistencia a clase.
- 2- Participación, tanto nas tarefas que se realicen individual e en grupo, coma no desenvolvemento e creación do ambiente cómodo e agradable para levar a acabo o proceso de ensino-aprendizaxe, axudando aos demais, ofrecéndose voluntario, estar atento e en silencio, obedecer ao mestre... A participación puntuarase cunha numeración de 0 a 5, onde 5 será máxima participación.
- 3- Realización das tarefas. Anotarase as tarefas que realizou e

participou, por exemplo se durante a sesión realízanse 4 tarefas diferente e realizou as catro marcamos 4/4 (catro de catro).

Se no caso de non realizar unha delas (3/4) e tomaráse nota de cal é o motivo de non realizala.

- 4- Premios. Pode haber tarefas que a modo de “concurso” (para motivar á hora de realizar certos exercicios) conleven algún tipo “premio”. Levarase a súa avaliación igual que no punto de “realización de tarefas” (senón houbera ningún exercicio-concurso ponse 0).
- 5- Amoestacións. Levar a conta das veces que se lle chama a atención ou se lle recremine (por parte do mestre) alguna acción ou actitude a un neno ou nena (non obedece, compórtase mal, molesta aos seus compañeiros...). Diferenciando entre “faltas leves” e “faltas graves” e sempre anotando cal é ese comportamento para poder conseguir repáralo se vemos que se repite en varias ocasións.

O diario de clase é unha ferramenta esencial para saber como se está levando a cabo o proceso educativo de cada alumno, para así poder atallar e resolver calquera problema que poidamos atopar.